



COMUNICADO Nº 2 ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA

Mércores , 7 de setembro de 2022

Benvidas e Benvidos ao novo curso escolar

Prezadas Familias:

Mañá, xoves 8 de setembro, comezamos un novo camiño. Sempre é un día especial. É moi importante trasladar ás vosas fillas e fillos seguridade e serenidade. Durmir ben, almorzar con calma... Chegar con puntualidade e optimismo é fundamental para acoller este cambio con moita empatía colectiva.

De seguro, haberá incidencias na organización nesta xornada e máxime nos servizos de transporte e comedor (pola súa complexidade inicial) así como na entrega do alumnado, polo que solicitamos a máxima colaboración coas normas e sempre un xesto amable ante calquera confusión.

A proposta do equipo docente é dedicar os primeiros días (do 9 ao 19 de setembro) ao **Programa de Acollemento Inicial ou Período de Adaptación**. Nestas datas non serán utilizados libros de textos nin avances curriculares, en xeral. Os libros do FondoLibros (**4º e 6º**) serán entregados os días 14 e 15 en horario de tarde, mentres que estamos esperando instrucións para o reparto dos libros de **3º e 5º** de Primaria, debido a demoras nas novas edicións. As actividades destas datas iniciais do curso estarán encamiñadas á organización da aula, do grupo, da organización dos patios dinámicos e a probas de avaliación inicial e coñecementos previos.

Como xa sabedes e forma parte do Proxecto Educativo, nos cursos de 1º, 3º e 5º de primaria constitúense grupos novos. Os criterios de asignación buscan facer grupos equilibrados a nivel social e cognitivo. Este ano escolar manteremos un novo grupo en 5º (5º C) debido a superar a ratio de 50 alumnas e alumnos neste curso. Paralelamente a este comunicado enviamos os listados dos distintos grupos coas persoas titoras asignadas. **O alumnado novo**, tanto en Educación Infantil e Primaria, será asignado a su grupo educativo pola súa idade inicialmente, en espera do seu historial académico e dos resultados da súa avaliación inicial no mes de setembro. Ante calquera dúbida ou posible erro, prégase contactar coa secretaría do centro.

No momento do inicio da xornada (8:50h-9:00h) , soamente as familias con alumnado de 4º de infantil e durante o período de adaptación, poderán acceder ao centro. Recomendamos a xestión telefónica e por correo electrónico para as consultas e obrigas que non requiran presenza. En todo caso, durante as primeiras xornadas agradecemos non acudir a secretaría antes das 9.30h. Xa finalmente lembrar que é obrigado comunicar as ausencias do alumnado e conveniente seguir trasladando os posibles casos de infección por COVID á secretaría.

Nas próximas xornadas remitiremos por Abalarmobil o cadro das reunións presenciais das familias coas titorías para dar a coñecer os obxectivos de curso, os programas educativos, as metodoloxías de traballo e a relación familias-escola.

Na paxina seguinte tedes información básica sobre a organización do día inaugural do curso 2022-2023 que axudará a conseguir o obxectivo colectivo dunha sesión inaugural organizada e feliz.



08:50-09:00: Entrada graduada e acceso ao recinto:

O alumnado accederá pola súa porta específica segundo consta no comunicado nº 1:

Ed Infantil: porta nº 2 (acceso pola rampla)

1º e 2º de Primaria: porta nº 1 (acceso polas escaleiras)

3º a 6º de Primaria: porta nº 3 (acceso polo patio dos maiores)

09:00-09:10: Entrada graduada e acceso ao edificio

a) O alumnado de Infantil (5º e 6º) e 1º e 2º de primaria agruparase na súa zona de entrada (baixo a cuberta de infantil) para posteriormente acceder ao centro. O alumnado de 4º EI seguirá as pautas horarias do período de adaptación.

b) O alumnado de 3 a 6º de primaria formará filas no patio no seu curso correspondente. Posteriormente agruparase na súa zona de entrada (baixo a cuberta), para posteriormente acceder ao centro.

09:10-11:00: Primeira sesión. Benvinda a cargo dos titores/as

O alumnado será recibido pola persoa titora para a súa benvinda ao curso. Nesta primeira sesión serán realizadas actividades de acollida, presentación do novo alumnado e equipo docente, material escolar, horarios e normativa de hixiene, entre outras actividades.

11:00-11:45: Recreo 1/hora de ler 1: patio para EI en pequenos e 3º/4º en maiores.

Primeira quenda de recreo. Lembrar sempre a promoción de froita e comidas saudables e unha botella de auga.

11:45: 12: 30: Recreo 2/hora de ler 2: patio para 1º/2º en pequenos e 5º/6º en maiores

Segunda quenda de recreo. Lembrar sempre a promoción de froita e comidas saudables e botella de auga. .

12:30: 13:45: Segunda sesión

Nesta sesión está prevista a realización de tarefas de dinámicas de grupo, de creatividade plástica, decoración de aula, pequenas probas de avaliación de coñecementos previos, etc.

13: 45-14:00: Saída graduada.

O alumnado , seguindo as normas de entrada e saídas do centro irá dirixido ao comedor escolar, o transporte escolar ou ás zonas de recepción das familias (5º e 6º de Educación Infantil , 1º e 2º: zona cuberta do patio de infantil e Educación Primaria de 3º a 6º: zona cuberta do patio de primaria (3º e 4º) e campo de baloncesto (5º e 6º)

Nota complementaria: o alumnado de 4º de Educación Infantil será entregado ás familias na porta principal do centro.